



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ACADEMIA XACOBEOA, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará un convenio coa Academia Xacobeoa, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Academia Xacobeoa para prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra promovendo iniciativas para que a realidade de Galicia sexa cada día máis coñecida na propia Galicia, en España e no resto do mundo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.





As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, establecer programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, e o réxime xurídico do uso das linguas, así como facilitar os medios e a formación técnica e terminolóxica en lingua galega dos xestores administrativos, procuradores e avogados.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Academia Xacobeá e con este convenio non soamente se pretende conseguir prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra, senón que tamén se trata de manter viva a chama do idioma, da cultura e da identidade dun pobo que fará posible que a lingua se manteña viva no transcurso do tempo.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do





Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

